



Amador Díaz Penín, con documento de identidade nº: 34.997.410-N e enderezo, a efectos de notificación, na Rúa Río Arnoia, 14 - Local 18 (Multicentro, 1ªPlanta), 32630 Xinzo da Limia, como Concelleiro e Portavoz do Grupo Municipal do BNG (Bloque Nacionalista Galego) no Concello de Xinzo da Limia

EXPÓN

QUE na Rúa Rosalía de Castro, esquina coa Rúa Ladeira, desta vila están a verquerse directamente á vía pública augas fecais procedentes dos edificios de vivendas próximos, feito que se produce dende o pasado xoves, día 1 de maio.

QUE pode haber un risco claro para a saúde pública ao tratarse dunha rúa céntrica cun tránsito frecuente de peóns e atoparse o punto do verquido a escasos metros dun centro escolar ao que acoden a diario centos de nenos e nenas de corta idade.

QUE estes feitos foron postos en coñecemento do Concello inmediatamente sen que, ata o momento, se tomase medida reparadora algunha.

Por todo o dito

SOLICITO

TEÑA a ben darse por enteirado do anteriormente exposto e, en consecuencia, tome as medidas oportunas conducentes a salvagardar a saúde pública dos cidadáns de Xinzo.

Sen outro particular, atentamente,

Asdo.: Amador Díaz Penín

En Xinzo da Limia, a 6 de maio do 2008

ILMO. SR. DELEGADO DA CONSELLERÍA DE SANIDADE